

# MEMORIA ANUAL | 2023



Cámara Oficial  
Mineira de Galicia

### **Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG).**

Co apoio da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

### **FOTOGRAFÍAS:**

Cámara Oficial Mineira de Galicia. Empresas membro e socias da COMG. Imaxes seleccionadas dos concursos de fotografía da Escola de Minas e Enerxía Enfoca.RME e MULLE.Rme 2023.

### **FONTES**

Estatística Mineira de España (2021) elaborada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Catastro Mineiro de Galicia.

Instituto Galego de Estatística.

### **DATOS DE CONTACTO**

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG).  
Juana Capdevielle, 2, Edificio EXPOCoruña.  
15008, A Coruña.  
635 559 698  
cmg@camaraminera.org

**[www.camaraminera.org](http://www.camaraminera.org)**

# ÍNDICE

<b>CARTA DO PRESIDENTE</b>	<b>4</b>
<b>UNHA INDUSTRIA ESTRATÉXICA</b>	<b>6</b>
A MINARÍA DAS GALEGAS E GALEGOS	8
A MINARÍA GALEGA EN CIFRAS	9
<b>A CÁMARA</b>	<b>11</b>
VISIÓN	12
MISIÓN	13
ÓRGANOS DE GOBERNO	14
<b>MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA</b>	<b>16</b>
PÁXINA WEB	17
REDES SOCIAIS	18
<b>O EXERCICIO 2023</b>	<b>20</b>
OFICINA DE IMPULSO DE PROXECTOS EUROPEOS	21
REPRESENTACIÓN DO SECTOR	24
DEFENSA DO SECTOR	31
ASISTENCIA TÉCNICA	36
FORMACIÓN	39
PATRIMONIO	41
DIVULGACIÓN	42
COMUNICACIÓN	43

# CARTA DO | 01 PRESIDENTE |



**JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ**  
Presidente da Cámara Oficial  
Mineira de Galicia.

## Unha nova cámara para unha nova minaría

---

2023 será recordado pola cantidade de novos proxectos que percorreron as mesas e grupos de traballo da nova sede da Cámara Oficial Mineira de Galicia: preto duns 100 proxectos, de índole diversa, disruptivos no eido da I+D+i, novas propostas normativas en pro da axilidade no desenvolvemento dunha minaría máis sostible, ideas para a compra pública innovadora no ámbito da minaría, proxectos formativos, posta en valor do patrimonio xeomineiro galego con fins divulgativos, científicos e turísticos... Un verdadeiro laboratorio de ideas ao servizo da industria mineira de Galicia.

E todo isto da man dun cadro de persoal, un elenco de empresas socias e entidades colaboradoras que nos permiten afianzarnos como representante do aproveitamento dos recursos minerais, conformando unha parte máis do tecido industrial



galego en todas as súas cadeas de valor. Os recursos naturais son unha das pancas necesarias para o desenvolvemento industrial do país: recursos sostibles, enerxía barata, compatibilidade co territorio e persoas satisfeitas.

Este ano puidemos afrontar a posta en marcha dunha aula de formación propia, un portal de emprego, vinculado coas 3 universidades galegas e co sistema de formación profesional, a Oficina de Impulso de Proxectos Europeos, por encomenda da Xunta de Galicia, a Oficina Técnica da COMG centrada no mantemento e desenvolvemento do Catastro Mineiro, no Catálogo de Recursos Naturais de Galicia e en iniciativas de tipo divulgativo e social; a implantación dun Sistema de Xestión Integrado segundo as normas ISO 9001 de calidade e ISO 14001 de xestión ambiental.

Con todo, os éxitos acadados non se trasladan ao ecosistema mineiro galego vendo este 2023 como se reducen en case que un 15% as cuadrículas mineiras ocupadas por actividades extractivas. Precisamos máis dinámica tanto nas solicitudes coma nas caducidades dos dereitos mineiros, concursos continuos a demanda; desde a COMG sostemos que este é o camiño para que se actualicen os proxectos coas mellores técnicas dispoñibles de acordo ás lexislacións vixentes, que se actualicen as garantías financeiras e que, en definitiva, haxa unha maior transparencia na gobernanza do noso sector, tan demandada pola sociedade.

O ano que remata tamén foi singular polo incremento da belixerancia contra a industria galega, en particular contra a minaría. Son inadmisibles determinadas conductas antidemocráticas que ademais, enarborando a bandeira da conservación do medio ambiente e dun suposto interese social, cargan por vía xudicial contra proxectos, funcionarios, empresas e o noso persoal sen a máis mínima proba, nin consideración, para provocar a paralización do país. Non todo vale.

A COMG defende o fomento da investigación xeolóxica dos recursos minerais e naturais, dos procesos de recuperación, levando a cabo só aqueles proxectos viables que verdadeiramente sexan de interese público, compatibles e sostibles coa contorna económica, social e ambiental. É importante coñecer os recursos tanto esenciais coma estratéxicos e críticos que temos no país para deseñar unha planificación estratéxica a medio prazo no país e tamén en Europa. Estamos dispostos a tratar e colaborar con todos e cada un dos grupos de interese da nosa comunidade, salvo aqueles que pola súa mala praxe, cruzando liñas vermellas con coaccións e chantaxes, son condenados polos xulgados.

Remato non sen antes desexar que este 2024 sexa un ano menos convulso, con máis investigación na industria mineira, máis axilidade administrativa, máis investimentos e desenvolvemento social e, en definitiva máis Minaría Sostible de Galicia.



UNHA INDUSTRIA | 02  
ESTRATÉGICA





# A MINARÍA GALEGA

## OS FÍOS DO TECIDO INDUSTRIAL

A industria extractiva achega o **0,7 do PIB galego** e supón o **8,2%** da produción española.

Con todo, o seu impacto vai máis aló desta cifra, xa que os produtos mineiros resultantes alimentan diversas industrias, xerando unha cadea de valor que impulsa a actividade económica na rexión.

Ao fortalecemento da economía local, únese a estabilidade e a seguridade de ter unha fonte local e sostible de minerais e materiais. No escenario mundial actual, azoutado polos conflitos armados e a incerteza, contar cunha cadea de valor propia, garante o desenvolvemento.

## A MINARÍA É O PRIMEIRO PASO PARA UNHA CADEA DE VALOR COMPLETA EN GALICIA

### AGRICULTURA E GANDARÍA

#### SAÚDE

Augas minerais  
Augas termais

⋮



#### CONSTRUCCIÓN

Áridos  
Arxila  
Caolíns  
Cuarcita  
Granito  
Lousa

#### ELECTRÓNICA

Cobre  
Coltán  
Cuarzo  
Litio  
Ouro  
Volframio

Calcaria  
Cuarzo  
Magnesita  
Turba

⋮



#### ENERXÍA RENOVABLE

Cobre  
Litio  
Neodimio  
Níquel  
Silicio

#### TURISMO

Augas minerais  
Augas termais  
Antigas explotacións

⋮



En Galicia contamos con **15 dos 34 minerais marcados como estratéxicos** pola Unión Europea. Algúns deles, aínda sen explotar nin investigar.

# A MINARÍA DAS GALEGAS E GALEGOS



**EMPREGA** a máis de 4.000 persoas

A comunidade galega é a segunda en xeración de emprego mineiro, só por detrás de Andalucía.



Líder en **SOSTIBILIDADE**

Galicia conta con 14 empresas certificadas na norma UNE 22480.



O fogar da **PEDRA**

A rexión galega está á cabeza da produción de rocha ornamental –lousa e granito–.

O **97% dos titulares** de dereitos de explotación mineiros son pequenas ou medianas empresas, na súa maioría de capital galego.

**11 millóns de toneladas** de materiais de construción.


O sector extractivo abasteceu a sociedade galega para a creación de infraestruturas: edificación, portos, estradas, redes de ferrocarril... Os áridos, por exemplo, foron fundamentais para a chegada do AVE a Galicia.


## LÍDERES NACIONAIS


### LÍDER EN MINARÍA SOSTIBLE

A comunidade con máis empresas certificadas na norma UNE 22480.


 **21%** da cota española do sector balneario

 **74%** da produción de cuarzo

 **48%** da produción de lousa para uso ornamental

 **53%** de toneladas totais de granito extraído en España


### EXPLOTACIÓNS ACTIVAS EN GALICIA






# A MINARÍA GALEGA EN CIFRAS



## ÁRIDOS (toneladas)




## CERÁMICA (toneladas)



## GRANITO (toneladas)





## LOUSA (toneladas)







## ROCHAS INDUSTRIAIS (toneladas)




## MINARÍA METÁLICA (toneladas)



## AUGAS MINERAIS (litros)




## BALNEARIOS (usuarios)





# CÁMARA A | 03



Somos o voceiro da  
industria mineira, dos seus  
máis de 4.000 traballadores.



## VISIÓN

O noso obxectivo é conseguir o mellor é máis sostible aproveitamento dos recursos xeolóxicos co obxectivo de maximizar o seu beneficio para a sociedade galega.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) é unha corporación de dereito público e un órgano consultivo da administración, tutelada pola Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia; que desenvolve as súas actividades en colaboración coas universidades, colexios profesionais, asociacións sectoriais, clústeres e empresas da comunidade mineira.

A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos. Esta entidade representa o sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:



ÁRIDOS



AUGAS MINERAIS



BALNEARIOS



CERÁMICA



GRANITO



LOUSA



MINARÍA ENERXÉTICA



MINARÍA METÁLICA



ROCHAS INDUSTRIAIS

# MISIÓN

As funcións da COMG están recollidas no Real Decreto de 23/09/1921 e no artigo 6 do Regulamento de Réxime Interior.

Entre as súas actividades máis destacadas atópanse:

1. **FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO DA INDUSTRIA MINEIRA** e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.
2. **REPRESENTAR, DEFENDER E PROMOVER** os intereses da minaría galega.
3. **FOMENTAR** a ensinanza da minaría.
4. **EXPEDIR CERTIFICACIÓNS E DESIGNAR PERITOS**, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minaría.
5. **EMITIR INFORMES ÁS AUTORIDADES E PARTICULARES** que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.
6. **XESTIONAR O CATASTRO MINEIRO.**
7. **PROMOVER A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**, a compatibilidade ambiental e a integración territorial paisaxística das actividades mineiras.
8. Ademais de exercer os seguintes **LABORES**:
  - **Informativo:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas.
  - **Formativo:** organización de cursos, seminarios e xornadas sobre temas de interese para o sector.
  - **Asesoramento:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector.

O desenvolvemento destas actividades por parte da COMG realízase en colaboración con diversos axentes implicados na industria mineira, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación.





# ÓRGANOS DE GOBERNO

A organización da COMG está recollida no capítulo II do seu Regulamento de Réxime Interior e os seus órganos de goberno son:

## ASEMBLEA

Órgano supremo de goberno e representación da COMG. Forman parte del as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do territorio de Galicia.

## XUNTA DIRECTIVA

Órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG. Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40) son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros.

Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, tesoureiro e contador son elixidos polos membros da xunta directiva.

### **PRESIDENTE:**

D. Juan José López Muñoz,  
*Strategic Minerals Spain, S.L.*

### **VICEPRESIDENTA 1ª:**

D.ª Mónica Rodríguez López,  
*Porriñesa de Canteiras.*

### **VICEPRESIDENTE 2º:**

D. José Antonio Valencia,  
*Erimsa.*

### **DIRECTORA:**

D.ª Arantxa Prado Santiago

### **TESOUREIRO-CONTADOR:**

D. Diego López González,  
*Epifanio Campo, S.L.*

### **SECRETARIO XERAL:**

D. Julio César Valle

### **DPT. ADMINISTRACIÓN:**

D.ª Eva Barrientos Murias

### **DPT. TÉCNICO:**

D.ª Irene Pérez Cáceres  
D.ª Sara López Campoamor

## COMITÉS DA COMG

A COMG conta con grupos de traballo encargados de ámbitos específicos.

### COMITÉ **NORMATIVO**

Ten a encomenda de realizar un seguimento da tramitación de novas normas e da implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

### COMITÉ DE **COMUNICACIÓN**

O seu obxectivo é mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna.

### COMITÉ DE **PATRIMONIO**

Ten como función poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.

### COMITÉ **SOSTIBILIDADE E INNOVACIÓN**

O seu labor é investigar novas técnicas e accións que fagan a actividade mineira máis eficiente e respectuosa coa contorna, co obxectivo de situar o sector galego á cabeza da vangarda.

### MEMBROS DA COMG

Os membros son aqueles socios da Cámara Oficial Mineira de Galicia, persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras ou relacionadas coa minaría no ámbito territorial galego, que están ao corrente no pago dos recursos económicos da entidade.

- **90 membros** na actualidade
- **3 novas altas** de membros:
  - Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM)
  - Tungsten San Finx S.L.
  - Granitos Xallas S.L.

## REUNIÓN DO ANO

### ASEMBLEA DA COMG

A reunión ordinaria anual da Asemblea tivo lugar o 31 de marzo, celebrada no edificio de EXPOCoruña, onde se atopa a actual sede da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

### XUNTA DIRECTIVA

Celebradas seis reunións ordinarias en 2023:

- 10 de febreiro.
- 16 de marzo.
- 11 de maio.
- 13 de xullo.
- 14 de setembro.
- 9 de novembro.





# MINARÍA SOSTIBLE | 04 DE GALICIA

Minaría Sostible  
de Galicia







**A minaría en Galicia só é viable de xeito sostible,** polo que o fin da COMG, o fomento da minaría, se converte necesariamente no fomento da minaría sostible.

A nova minaría desenvolvida nos últimos anos: competitiva, vangardista e respectuosa co medio precisaba dunha voz para ser achegada á sociedade xeral; así foi como en 2019 naceu Minaría Sostible de Galicia por impulso da COMG.

En Minaría Sostible de Galicia participan as seguintes entidades:

- Clúster do Granito
- Clúster da Pizarra de Galicia
- Asociación Galega de Áridos (Arigal)
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOG)
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia




## PÁXINA WEB

A principal canle de comunicación de Minaría Sostible de Galicia é o sitio web, cunha gran profundidade de contidos para informar sobre as diferentes perspectivas que abrangue o sector mineiro: social, económica, histórica, xeolóxica, etc.

**22 NOVOS POSTS**

**79.110 VISITAS TOTAIS**

# REDES SOCIAIS



## LINKEDIN

**4.505** seguidores

**230.790** persoas alcanzadas



## INSTAGRAM

**1.524** seguidores

**43.700** persoas alcanzadas



## FACEBOOK

**813** seguidores

**20.500** persoas alcanzadas



## TWITTER

**1.233** seguidores


**76.320** persoas alcanzadas

## CREACIÓN DE NOVO PERFIL EN TIKTOK

TikTok é unha das redes que máis crece dende o ano 2020. Cun público maioritariamente novo, cerrou 2023 con 16,7 millóns de usuarios en España.

O novo perfil @minería\_sostenible creado en 2023 é unha canle esencial para chegar a un público máis novo.

**OS VÍDEOS PUBLICADOS EN TIKTOK FORON REPRODUCIDOS 25.800 VECES.**





**PATRICIA ARGEREY**

*Directora da Axencia Galega de Innovación*

## LANZAMIENTO DA CAMPAÑA 'DI SI Á MINARÍA SOSTIBLE'

Ao longo do ano, fóronse lanzando os 15 vídeos que forman parte da campaña audiovisual 'Di si á minaría sostible' onde diferentes líderes de opinión en materia social, económica, académica e tecnolóxica dan a súa visión da minaría.

Unha perspectiva sobre os recursos mineiros galegos allea ao sector, e que pon o foco en todo o que representa para a sociedade e as demais áreas económicas.

**OS VÍDEOS OBTIVERON  
5.200 REPRODUCCIÓNS  
SÓ EN LINKEDIN.**

## LANZAMIENTO DA CAMPAÑA PARA CHEGAR Á XERACIÓN Z

Ademais lanzáronse novos contidos para chegar á poboación máis nova a través de Instagram e dunha nova conta de TikTok.

**Un total de 15 vídeos  
sobre as materias primas  
na vida cotiá**

- 8 vídeos sobre os emblemas de Galicia e os seus materiais de construción.
- 40 contidos para stories de Instagram, para que os novos interactúen directamente coa plataforma.





EXERCICIO | 05  
2023



# OFICINA DE IMPULSO DE PROXECTOS EUROPEOS

Este ano 2023 naceu a Oficina de Impulso de Proxectos Europeos, unha entidade dependente da COMG cun obxectivo moi importante de cara ao futuro da industria mineira: mobilizar aos axentes económicos, sociais e institucionais para incentivar proxectos de investigación e desenvolvemento para a modernización do sector.

A OIPE xorde da colaboración entre a COMG e a Consellería de Economía, Industria e Innovación como unha das principais iniciativas da Axenda de Impulso da Minería 2030; e os seus servizos van dirixidos ás empresas do sector mineiro e á Administración Pública.



**Oficina de Impulso de Proxectos Europeos**

## UNHA FERRAMENTA ESTRATÉXICA

Entre os obxectivos desta nova oficina destacan:

- **Consultar, analizar e dar resposta** ás necesidades da industria mineira en materia de innovación tecnolóxica.
- **Facer seguimento** das diferentes liñas europeas de financiamento no plano da I+D+i.
- **Impulsar a participación** dos diferentes axentes do sector mineiro en proxectos europeos.
- **Desenvolver unha base de datos** de posibles proxectos tractores para implantar en Galicia.
- **Asistir á Administración autonómica** para fomentar a creación de emprego.

Para iso, este ano puxéronse en marcha as seguintes accións:

- **Consulta ás empresas do sector** sobre as súas necesidades e demandas.
- **Servizo de consulta** e asistencia.
- **Newsletter semanal informativa** sobre novidades en materia de financiamento europeo.
- **Xornadas informativas**, obradoiros e webinars informativos.



## EVENTO DE PRESENTACIÓN

A sede da Axencia Galega de Innovación foi o lugar escollido para presentar ao ecosistema mineiro galego as novidades e vantaxes que supón a OIPE. Nun acto encabezado pola conselleira de Economía, Industria e Innovación, María Jesús Lorenzana Somoza; e o presidente e a directora da COMG, Juan José López e Arantxa Prado, marcáronse os primeiros pasos a seguir para conectar a industria mineira co tecido innovador.

“A industria mineira debe estar aliñada coas necesidades do tecido industrial galego; debemos coñecer que se produce e que se require producir nos próximos anos, traballar para cubrir as expectativas”, declarou o presidente da COMG.





## 2,4 MILLÓNS DE EUROS PARA PROXECTOS EUROPEOS DE INNOVACIÓN

Tras unha análise das oportunidades da industria mineira, a OIPE definiu varias liñas de actuación de cara a 2024 para xerar valor para a minaría de Galicia a través de financiamento europeo, cuns fondos que ascenderían a 2,4 millóns.

O primeiro dos proxectos que a OIPE quiere impulsar ten por meta contribuír a solventar un dos puntos críticos para a UE neste momento: a dependencia de materias primas minerais de terceiros países e que afecta a toda a cadea de valor industrial. Para iso, desde a OIPE programouse o desenvolvemento dun plan en colaboración con entidades e administracións de Portugal e das comunidades autónomas de Castela e León, Estremadura e Andalucía. Este proxecto presentárase á convocatoria do Programa Interreg VIN España-Portugal (POCTEP), de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea.

Pola súa parte, a segunda iniciativa pretende formar aos empregados do sector en competencias ambientais para alcanzar unha tripla meta: unha maior responsabilidade ambiental, a integración do sector con outras cadeas industriais e a xeración de emprego. Levaríase a cabo a través do programa Empleaverde+, xestionado pola Fundación Biodiversidad.



O último proxecto presentado nace da necesidade de crear novas opcións de emprego baseadas na transición dixital e ecolóxica. Esta acción estará enmarcada dentro do programa comunitario Erasmus+ e terá como público a empregados da industria mineira e a persoas en situación de desemprego ou que queiran cambiar de sector. Este proxecto, como os outros dous, estaría liderado pola COMG, e pretende contar coa participación de seis socios doutros países europeos con experiencia no ámbito da formación ocupacional en competencias verdes e dixitais.



## BASE DE DATOS DE PROXECTOS TRACTORES

Un dos labores máis destacados da OIPE é o desenvolvemento dunha base de datos de posibles proxectos tractores para implantar en Galicia a través de manifestacións de interese.

Nesta acción pode colaborar calquera axente do sector e aqueles pertencentes a outros sectores estratéxicos.

A base de datos recolle tanto proxectos potenciais como aqueles que xa están en marcha.



# REPRESENTACIÓN DO SECTOR

## REUNIÓN INSTITUCIONAIS

<b>TOTAL</b>	<b>53</b>
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais	26
Outras Administracións	22
Outros	5

## PROXECTOS

<b>TOTAL</b>	<b>207</b>
Organización	155
Outros	13
Comunicación	39

## ASISTENCIA A EVENTOS

<b>TOTAL</b>	<b>56</b>
--------------	-----------

Ademais do estreito contacto coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, ao longo de 2023 mantivemos diversas xuntanzas con responsables institucionais, de ámbito autonómico e estatal, e asistimos a numerosos foros, xornadas e eventos. O noso obxectivo é trasladar as demandas do sector e outorgarlle a visibilidade que require, ao tempo de tender pontes de colaboración para mellorar o desenvolvemento da nosa actividade tanto en beneficio do sector como do conxunto da sociedade e a industria galega.



## ASISTENCIA AO GOINTERHUB

O GoInterHub (Galician Offshore Internacional Hub) é un encontro que consolida a Ferrol como un dos principais foros de coñecemento e divulgación da eólica mariña.

Juan José López, presidente da COMG, e Arantxa Prado, directora da entidade, acudiron á edición de 2023 para coñecer como será o desenvolvemento desta industria onde os recursos mineiros poderían desempeñar un papel fundamental.



## ACTO DE ENTREGA DA CERTIFICACIÓN DE MINARÍA SOSTIBLE **A PASEK MINERALES**

En marzo, Juan José López, presidente da COMG, acompañou a Pasek Minerales durante a entrega da certificación UNE 2280:2019 de Minaría Sostible.

A empresa, que extrae dunita na provincia da Coruña, obtivo este selo grazas á súa implicación coa contorna, mediante a creación de emprego de calidade e o respecto polo medio ambiente. Pasek converteuse desta maneira na última das 14 empresas certificadas en Galicia.



## Premio Galicia de Innovación e Deseño

Na última edición dos premios Galicia de Innovación e Deseño, Pasek Minerais foi a compañía galardoada co premio innovación na categoría Gran Empresa. A compañía foi da man da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) para a presentación da súa candidatura nesta convocatoria.

Trátase dun orgullo para a industria extractiva, xa que se trata da sexta empresa en obter o premio nesta categoría e a primeira pertencente ao sector mineiro.

## O FUTURO DA MINARÍA, A ENERXÍA E A CONSTRUCIÓN SOSTIBLE A TRAVÉS DA INNOVACIÓN



A comezos de 2023, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación levou a cabo unha serie de networkings co obxectivo de dar a coñecer o mapa de apoios da Administración autonómica en materia de I+D+i.

A última destas xornadas estivo centrada nos sectores da minaría, a construción sostible e a enerxía. Un evento no que tamén participou a Axencia Galega de Innovación e á que asistiron o presidente e a directora da COMG.



## ALIANZA ESTRATÉXICA CON AMINER

O 10 de maio, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e Aminer (Asociación de Empresas Investigadoras, Extractoras, Transformadoras Mineiro-Metalúrxicas, Auxiliares e de Servizos) chegaron a un acordo de colaboración a través do cal se establece un irmandamento entre ambas as organizacións.

Na sinatura do convenio participaron o presidente da COMG, Juan José López, e a directora da entidade, Arantxa Prado; así como a xerente de Aminer, Priscila Moreno, e a súa directora técnica, Marta Cerati.

Ambas as entidades defenden os intereses do sector mineiro nas súas respectivas rexións, Galicia e Andalucía, polo que esta alianza resulta estratéxica para unir forzas e recursos para alcanzar obxectivos comúns.



## INAUGURACIÓN DA NOVA LIÑA DE PRODUCCIÓN DE TEJAS VEREA

Tejas Vereas inaugurou en 2023 unha liña de produción destinada á fabricación da nova gama Eternal. Esta ampliación supuxo a contratación de 20 profesionais do concello de Mesía (A Coruña) e un investimento de 3 millóns de euros.

O presidente e a directora da COMG asistiron ao acto de presentación nas súas instalacións, na que tamén participou o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

### Presentación da campaña EnTéllate

A empresa de Mesía lanzou xunto co concello de Mesía a campaña 'EnTéllate', unha iniciativa destinada aos máis pequenos da casa, para que coñezan a industria e o rural galegos.

A directora da COMG, Arantxa Prado, asistiu ao acto de presentación deste proxecto, no que os escolares de Ordes e Arzúa puideron coñecer mellor a súa contorna máis próxima e a evolución da súa industria, con visitas guiadas ao Centro de Interpretación de Brañas de Valga e ás instalacións de Tejas Vereas.



## PARTICIPACIÓN NA **ASEMBLEA ANUAL DE ARIGAL**

Como cada ano, o presidente e a directora da Cámara Oficial Mineira de Galicia foron invitados á Asemblea anual da Asociación Galega de Áridos (Arigal). Un evento no que tamén participaron o director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández, e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez.

O sector dos áridos é fundamental para a construción e a industria, e pese ás dificultades dos últimos anos, provocadas pola pandemia e a guerra en Ucraína, segue traballando para volver a cifras anteriores a 2020.

No último ano a produción das canteiras foi de 48,5 millóns, o que supón un pequeno repunte con respecto ao ano anterior.



## **XORNADA PARTICIPATIVA 'IMPLICACIÓNS TÉCNICO- MÉDICAS E XURÍDICAS DOS TRABALLOS QUE SUPOÑAN EXPOSICIÓN A PO DE SÍLICE CRISTALINA'**

O Instituto Nacional de Silicosis celebrou en Santiago de Compostela unha xornada participativa na que se informou dos máis recentes cambios normativos en relación co risco por exposición a po de sílice cristalina respirable (SCR) no ámbito laboral e as súas implicacións, desde un punto de vista técnico, médico e tamén xurídico.

Os representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia asistiron a este evento que contou co apoio do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Democrático.





Este proxecto foi elaborado mediante o diálogo cos axentes da industria mineira galega e a COMG participou nas diversas fases.

## PRESENTACIÓN DA **AXENDA DE IMPULSO DA MINERÍA SOSTIBLE 2030**

O 9 de xuño presentouse en Ourense a Axenda de Impulso da Minería Sostible 2030 desenvolvida pola Xunta de Galicia. Trátase dunha estratexia transversal que facilitará o avance do sector a través da innovación, a sostibilidade e a igualdade.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, formou parte desta xornada de presentación xunto co delegado territorial da Xunta, Gabriel Alén. Durante a súa intervención manifestaron o apoio do goberno galego á minaría sostible levada a cabo na comunidade: “Estamos moi orgullosos deste sector que supón o 1,5% do PIB da comunidade. Esta estratexia marcará o futuro da minaría, que será protagonista na transición dixital e ecolóxica”, sinalou Francisco Conde.

Pablo Fernández, director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, explicou os puntos principais desta axenda desenvolvida en 29 propostas divididas en 9 áreas que buscan o progreso do sector, a mellora dos niveis de seguridade e saúde laboral, así como a promoción da entrada ao sector de mulleres e mozos.





## ACTO DE GRADUACIÓN DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA DE VIGO

Arantxa Prado, directora da COMG, participou unha vez máis no acto de graduación da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para acompañar ás alumnas e alumnos da X Promoción do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao de Enxeñaría da Enerxía e da VIII Promoción do Máster en Enxeñaría de Minas.

Tratouse ademais dunha data moi especial, xa que a escola cumpría 30 anos de vida e polo tanto tres décadas de colaboración entre o centro e a COMG para impulsar a innovación e a formación no sector.



## ENCONTRO COA FEDERACIÓN EUROPEA DE XEÓLOGOS

En 2023 produciuse un primeiro contacto entre a Federación Europea de Xeólogos e a Cámara Oficial Mineira de Galicia. A Federación Europea de Xeólogos, que representa ás asociacións nacionais de xeólogos de máis de 28 países e a 45.000 profesionais da Xeoloxía, conta cunha extensa bagaxe no desenvolvemento de proxectos de diversos ámbitos como a educación, a enerxía, a descarbonización ou a investigación xeolóxica, entre outros.

Durante o encontro, os representantes de ambas as entidades identificaron posibles iniciativas para desenvolver no territorio galego relacionadas coa enerxía xeotérmica, o hidróxeno natural e a procura de recursos minerais.



## ASISTENCIA Á XORNADA DE PRESENTACIÓN DA CONSULTA PRELIMINAR AO PROXECTO DE COMPRA PÚBLICA INNOVADORA (SMARTMIN TECH)

A COMG participou na Xornada de Presentación da Consulta Preliminar ao Mercado do proxecto de CPI SmartMin Tech, organizada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia.

Nesta cita brindouse toda a información sobre o proxecto SmartMin Tech, un proceso de compra pública innovadora adaptada ás particularidades da Industria Mineira Galega, co fin de lograr una xestión máis intelixente e sostible das actividades do sector aliñadas cos obxectivos da Axenda Estratéxica de Impulso da Minería Sostible 2030.



## PRESENTACIÓN DO PROGRAMA CAMPO SEMENTA

Cerámica Campo presentou na súa planta de Mesía (A Coruña) o seu programa de apoio á formación e á inserción laboral 'Campo Sementa'.

O acto contou coa participación do alcalde de Mesía, Mariano Iglesias; a directora xeral de Formación Profesional, María Eugenia Pérez; e a subdirectora de Recursos Minerais da Xunta de Galicia, María Coutinho.

Tamén asistiron ao evento preto dun centenar de profesionais da Formación Profesional e universitaria, representantes do sector da arquitectura e a minaría, entre os que se atopaban o presidente e a directora da COMG.

## COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL

En novembro, o presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Juan José López; e a directora da entidade, Arantxa Prado, reuníronse cos representantes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental: a directora, Sagrario Pérez Castellanos; e o subdirector xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, Isaac Gómez Piñeiro.


Tratouse dunha reunión preliminar en procura de posibles puntos de colaboración, entre os que destacou o proxecto de descarbonización da COMG que contempla o uso de restauracións mineiras como sumidoiros de dióxido de carbono.

Durante a reunión, a directora xeral convidou á COMG a formar parte da Alianza Galega polo Clima, unha iniciativa que reúne a organizacións que avogan pola procura de medidas comúns que xeren sinerxías na acción climática en Galicia.

## A COMG FORMA PARTE DOS SEGUINTE **GRUPOS E ENTIDADES:**

- A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- O Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.
- O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- A Comisión de Apoio Técnico-Científico de Minas de San Finx.
- O Comité Científico e o Comité Económico e Social de Montañas do Courel.
- A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibles.
- A Plataforma Tecnolóxica Española de Tecnoloxías Ambientais (PLANETA).
- A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.
- Comité Executivo de Enerxía.
- Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde.
- Pacto Alianza Industrial Galega do H2 Verde (Comités Executivos de: Formación e Innovación, e Comité Executivo de Capacidades Industriais).
- Plan Conecta FP Galicia.
- Convenio de colaboración con Aminer.
- Clúster para la Minería Sostenible y Servicios Asociados de la Península Ibérica.
- Padroado da Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)
- The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH).
- A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente (ENVITE).
- A Asociación para o Progreso da Dirección.
- Comité UNE/CTN22 Gestión Minera Sostenible.
- Comité de UNE sobre minaría e explosivos, incluído o Subcomité Técnico de Normalización SC3 'Gestión mineira sostenible'.
- A Fundación Minería y Vida.
- European Raw Materials Alliance (ERMA).





Dentro das funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que están recollidas nos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior, está a de **“propoñer reformas legislativas que contribúan ao fomento da minaría”**.

Para iso, unha das principais actividades da xunta directiva, dos comités de traballo e do equipo técnico durante 2023 foi a defensa dos intereses da minaría diante dos distintos reguladores. A COMG mantén un contacto continuo e estreito coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Así mesmo mantén un seguimento constante das actividades doutras administracións que poden afectar á actividade, como a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; así como coas administracións locais.

# DEFENSA DO SECTOR


## MONITORIZACIÓN DA ACTIVIDADE LEGISLATIVA

Os poderes públicos xeran ao longo do ano un elevado volume de decretos, regulamentos e leis que afectan á actividade extractiva.

Para realizar un seguimento da actividade dos reguladores, a COMG destina importantes recursos técnicos e humanos. O equipo técnico da COMG destinou durante 2023 máis de 200 horas de traballo a recolectar información dos distintos soportes de comunicación pública, como o Diario Oficial da Unión Europea, o Boletín Oficial do Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os Boletíns Provinciais (BOP) das catro provincias. Tras este meticuloso labor de monitorización da actividade legislativa, a COMG procede a tomar as medidas necesarias para a defensa dos intereses do sector. Infórmase ao Comité de Normas, para que analice os textos legais e emita recomendacións á xunta directiva.







## LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS **RECURSOS NATURAIS DE GALICIA**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación publicou en maio de 2023 o anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

As iniciativas mineiras son unha das tipoloxías de proxectos que esta lei recolle e para os que establece unha análise integral dos seus efectos e medidas de compensación. Así, un dos aspectos máis novos é a incorporación da valoración dos efectos sociais e económicos dos proxectos na declaración de impacto ambiental. En concreto, faise referencia á mellora das condicións de vida das zonas ricas en recursos naturais, á protección do medio ambiente, á promoción de investimentos e mecanismos de reinvestimento dos beneficios, á creación de emprego e ao impulso da participación nos proxectos de investidores locais.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia analizou o texto do anteproxecto e emitiu un informe para comunicar os principais aspectos deste á súa Xunta Directiva, así como a aqueles membros cuxa actividade se verá favorecida coa aprobación desta lei. Ademais presentou unha serie de alegacións a este anteproxecto dentro do Comité Executivo de Desenvolvemento mineiro do Consello de Economía e Competitividade.

## DENUNCIA DA GRAVIDADE DE EXCLUÍR AO SECTOR EXTRACTIVO DAS **AXUDAS AO PREZO DO GASOIL**

A Xunta Directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) remitiu a comezos de 2023 unha carta ao delegado do goberno en Galicia solicitando a ampliación das medidas adoptadas no Real Decreto-lei 20/2022, do 27 de decembro, dos acordos sobre o prezo do gasoil, onde quedaba fóra o sector mineiro.

Os representantes da minaría galega alertaron das dificultades que atravesaron moitos centros produtivos debido ao aumento do prezo dos carburantes.

Esta inflación afecta as operacións de todo o ciclo mineiro: desde a investigación á restauración, pasando polo aproveitamento do recurso mineiro. Juan José López, presidente da COMG, explica as graves consecuencias que podería ter a dilación desta situación: “Os sobrecostos fan insostible a actividade a curto prazo e, con iso, o mantemento de tecido produtivo e de emprego, así como da provisión de bens públicos que ofrece a minaría”. Entre estes bens áchanse os materiais de construción e de mantemento de edificacións, recursos metálicos para a industria ou excipientes para farmacopea, entre outros.

## PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS

O Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de política industrial e a Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas son o marco regulatorio dos chamados proxectos industriais estratéxicos.

Para que un proxecto sexa denominado como estratéxico debe cumprir polo menos dous dos seguintes requisitos: un investimento mínimo de 20 millóns de euros, a creación de 100 empregos indefinidos e que pertencen a sectores estratéxicos e estean aliñados cos obxectivos de Europa ou que se integren no financiamento 'instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU'.

A minaría é o sector máis transversal con respecto ás necesidades actuais da industria, por iso a COMG emitiu varios documentos para analizar as vantaxes de declarar certos proxectos mineiros como estratéxicos. Entre eles, un único trámite de información pública, investimentos en formación específica para os profesionais ou desenvolvemento de servizos sociais esenciais nos lugares onde se asenten os proxectos.

## RECLASIFICACIÓN DE DEREITOS MINEIROS DA SECCIÓN A

Durante todo o ano 2023, o Comité Normativo da COMG e o seu presidente, Diego López, levaron a cabo o labor de modificar un dos puntos clave da Lei 3/2008 de Ordenación da minaría de Galicia.

Para iso, levaron a cabo varias reunións de consenso coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Finalmente, o día 29 de decembro publicouse un novo texto sobre o Artigo 19 desta lei, que marca o procedemento para reclasificar os dereitos mineiros da sección A: desde a solicitude de reclasificación acompañada de documentación que xustifique o cumprimento de certos supostos ata a comunicación e tramitación, tendo en conta ademais se son terreos francos ou non, e se se inclúen novas superficies no proxecto.





## **ALEGACIONES AO BORRADOR DE REGULAMENTO DE SEGURIDADE MINEIRA**

---

A COMG a través do seu Comité Normativo emitiu un documento que contén unha serie de observacións detalladas sobre o borrador do Regulamento de Seguridade Mineira e que abordan distintos aspectos das normas propostas, desde competencias entre autoridades ata regulacións específicas sobre voaduras.

Destácase a problemática ao redor das competencias concorrentes entre a autoridade laboral e a autoridade mineira, así como a omisión do concepto de "técnica mineira" no regulamento proposto, o que xera incerteza xurídica.

Ademais, presentáronse unha serie de argumentos que cuestionan a eficacia e coherencia de varios aspectos do borrador do Regulamento de Seguridade Mineira, destacando preocupacións sobre competencias, regulacións específicas e a adaptación de normativas existentes.

## **ALEGACIONES ÁS ITCS DE SEGURIDADE MINEIRA**

---

O Comité Normativo da Cámara Oficial Mineira de Galicia emitiu alegacións a varias Instrucións Técnicas Complementarias.





## DEREITOS/EXPLORACIÓN MINEIRAS ACTUALIZADOS EN 2023: **134 ALEGACIONES Á LEI DE VIXILANCIA DO SOLO**

Ante a nova Directiva relativa á vixilancia do chan que desenvolve unha regulación do espazo cunha visión reduccionista limitada ao ámbito medioambiental, a Cámara Oficial Mineira de Galicia emitiu un documento con diversas alegacións.

Estes comentarios tratan de poñer sobre a mesa unha perspectiva que teña en conta todos os aspectos que inflúen no coidado e aproveitamento dos solos. Desde a entidade propúxose establecer a necesidade de buscar o equilibrio entre a aplicación das medidas que propón esta directiva e o desenvolvemento daquelas actividades, que por razón da súa natureza, tales como as extractivas ou as mineiras, requiran movemento de terras e ocupación dos terreos para o aproveitamento dos recursos naturais e que xa contan con plans de restauración de chans.









A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) cumpre unha función básica no sector da minaría en Galicia achegando información útil e actualizada sobre todos os aspectos legais, administrativos e técnicos que rodean á minaría. **A COMG atende consultas formuladas tanto polos seus socios, como pola Administración, empresas mineiras, entidades relacionadas coa minaría, particulares concernidos e medios de comunicación.**

# ASISTENCIA TÉCNICA



## CONSULTAS ATENDIDAS

- Administración
- Entidades
- Empresas
- Particulares
- Membros



## DOCUMENTOS EMITIDOS

(informes, alegacións, propostas, etc)

- Consellería de Economía, Industria e Innovación
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- Interno
- Outros



## MANTEMENTO DO CATASTRO MINEIRO DE GALICIA

A finais de 2021, a COMG publicou unha nova web con novos contidos ao redor do Catastro Mineiro de Galicia. Entre as melloras, incorporouse un sistema de procura máis simple para o visor, a través de seccións, zonas xeográficas ou estado dos dereitos.

Esta é unha ferramenta de apoio á planificación mineira e ordenación do territorio, que ten por obxecto favorecer o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos minerais, así como facilitar a harmonización e compatibilización da minaría con outros usos do solo.

Para o seu mantemento técnico, a COMG destinou en 2023 máis de 1.000 horas do seu persoal para a actualización constante da súa base de datos.



## CATÁLOGO DE RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

A Materioteca de Galicia acolleu a presentación do Catálogo de Recursos Naturais de Galicia, na que se expuso o inicio do traballo de colaboración da Cámara Oficial Mineira de Galicia co apoio da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. A finalidade é promover e difundir o potencial mineiro galego.

Este catálogo e a súa exposición están enmarcados na Axenda Galega de Impulso de Minería Sostible 2030 (AMSG 2030), posta recentemente en marcha, que contempla actuacións encamiñadas ao impulso da circularidade das materia primas minerais mediante a valorización dos residuos producidos nos establecementos mineiros. En concreto, no seu Eixe 5: “valorización económica e o emprendemento”, a Axenda contempla como unha das súas iniciativas a “análise e posta en valor do potencial mineiro galego”, dentro da cal se propón a creación dun inventa-

rio dos recursos minerais dispoñibles en Galicia que, polas súas características, poidan resultar rendibles para outros usos e sexan susceptibles de integración na Materioteca de Galicia.

Nesta iniciativa identificáronse e caracterizáronse materias primas de orixe mineral dispoñibles en Galicia coas que ampliar a Materioteca e, en especial, as que poidan considerarse de carácter estratéxico. Incluíronse os datos no Catálogo de minerais na web da Materioteca e elaborouse un mapa de recursos dispoñibles no sector mineiro.







## PROXECTO DE ABSORCIÓN DE CO<sub>2</sub>

A Cámara Oficial Mineira de Galicia está a avanzar nun innovador proxecto de absorción de CO<sub>2</sub>. Un dos principais puntos desta proposta é a utilización de restauracións mineiras como sumidoiros de carbono.

As restauracións mineiras baséanse na recuperación ecolóxica do espazo e no desenvolvemento de oportunidades para necesidades concretas. No caso das restauracións mineiras vencelladas á descarbonización da contorna, trátase de aproveitar masas forestais, reconstrución de chans e a auga de lagoas mineiras como sumidoiros de dióxido de carbono.

Para levar a cabo esta iniciativa, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e Inproyen Consulting, grupo internacional de consultoría ambiental que pertence como membro á COMG, asinaron un convenio de colaboración para fomentar a sustentabilidade do sector mineiro mediante a regulación das emisións de efecto invernadoiro.

Durante 2023, os membros da COMG así como diferentes axentes do sector mineiro puideron coñecer máis de preto este proxecto así como as implicacións da pegada de CO<sub>2</sub> nas empresas e os métodos para reduci-lo a través de dous webinars.

Identificáronse e certificaráronse os proxectos individuais, e se transaccionáronse con empresas galegas que necesiten compensar a súa pegada de carbono, equilibrando desta maneira o coidado do medio ambiente e desenvolvemento da industria. A COMG actuará como incentivador de proxectos, auditor e posibilitador de transaccións.



A COMG fomenta o ensino da minaría e a cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais.

O obxectivo é garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos -especialmente no ámbito da prevención- para que os traballadores do sector exerzan os seus labores con seguridade e eficiencia, adaptándose ás técnicas máis modernas que ofrece a Industria 4.0. A COMG mantén unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo.


# FORMACIÓN

## CURSOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

280 alumnos beneficiáronse dos cursos de formación preventiva para traballadores do sector mineiro impulsados pola COMG. Todos os cursos teñen carácter gratuito, xa que están subvencionados polas axudas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.



Este foi o persoal formado durante 2023:





## CURSOS PARA A FORMACIÓN DO SECTOR MINEIRO

---

A COMG e CESUGA asinaron un convenio de colaboración para potenciar a formación dentro do sector mineiro. O obxectivo é dobre: capacitar aos traballadores e traballadoras xa vencellados coa minaría e facer máis fácil o acceso a esta industria a persoas desempregadas.

Os cursos que viron a luz este 2023 abranguen múltiples áreas relacionadas coa xeoloxía, a seguridade, os traballos técnicos, a dixitalización, etc. Un catálogo formativo enfocado á modernización do sector mineiro.

## FORMACIÓN **UNIVERSITARIA**

---

A COMG participa de forma estreita na vida universitaria galega, en especial con dúas institucións, o Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e a Universidade de Vigo, principalmente coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

## COORDINACIÓN CON ASOCIACIÓNS SECTORIAIS E COLEXIOS PROFESIONAIS

---

En constante comunicación coas asociacións sectoriais e colexios profesionais, colabórase, promóciónase e dáselle difusión a todos aqueles cursos ou xornadas organizadas por estas entidades, para que poidan ser aproveitadas por todos os traballadores do sector.





## RENOVACIÓN DA PÁXINA WEB PATRIMONIO XEOMINEIRO DE GALICIA

O sitio web <https://patrimonio.camaraminera.org/> recolle máis de 100 roteiros e puntos de interese relacionados coas pegadas que a actividade mineira deixou no mapa galego desde a Prehistoria ata a Idade Moderna.

A COMG está actualizando o contidos desta web e a nova versión verá a luz este 2024.



# PATRIMONIO

## ROTEIROS GUIADOS POLAS MINAS DA SILVAROSA

A COMG organizou en outubro dúas visitas guiadas polo roteiro das Minas da Silvarosa (Viveiro, Lugo) coa colaboración da Xunta de Galicia, a Comunidade de montes de Vieiro e o Concello de Viveiro.

Decenas de persoas tiveron a oportunidade de coñecer estas antigas minas de ferro, así como as instalacións industriais asociadas da man do xeólogo Eduardo Clavijo.

O obxectivo destas accións é dar a coñecer estes antigos xacementos que foron explotados intermitentemente entre os anos 1896 e 1966.

## ROTEIRO GUIADO POLA MINA ROMANA DAS BORREAS

En 2023 tamén se levou a cabo un roteiro guiado pola Mina Romana das Borreas, situada no municipio de Viana do Bolo (Ourense).

Trátase dun roteiro que pon en valor o patrimonio xeolóxico, mineiro e arqueolóxico da Mina das Borreas, dedicada á extracción de ouro coa técnica de Ruína Montium hai 2000 anos.

Acompañados dun xeólogo, os asistentes puideron visitar os miradoiros, as canles e a zona de extracción da mina, así como as rochas da zona que contiñan o ouro.



## IMPULSO DO COÑECEMENTO DA MINARÍA SOSTIBLE NAS AULAS

La Voz de Galicia difundiu desde outubro de 2022 ata o final do curso escolar 2023 contidos pedagóxicos sobre xeoloxía e minaría a través do seu suplemento La Voz de la Escuela.

Os profesores subscritos a este suplemento puideron compartir cos estudantes de 5º de Primaria a 2º de Bacharelato contidos relacionados co uso dos minerais na vida diaria, a xeoloxía, a importancia da minaría como actividade tractora no rural, etc.

# DIVULGACIÓN

## AXENDA MINEIRA ESCOLAR

Por segundo ano consecutivo, a Cámara Oficial Mineira de Galicia editou e publicou a 'Axenda escolar mineira'. Un proxecto levado a cabo a través da plataforma Minaría Sostible de Galicia e grazas á colaboración de varios dos seus membros.

Trátase dunha axenda onde alumnos e alumnas, ademais de apuntar o seu horario escolar e as súas tarefas, poden achegarse un pouco máis ao mundo da minaría. Miles de axendas foron repartidas entre alumnos e alumnas na contorna por entidades como o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia e o Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos; así como a través de empresas como Esmin, Cobre San Rafael, Strategic Minerals, Samca, Erimisa, Cerámica Campo, Tejas Verrea e Pasek Minerales.







# COMUNICACIÓN

## PÁXINA WEB

O sitio web da COMG é unha ferramenta que serve como canle de comunicación para manter informados aos profesionais do sector extractivo, así como ventá para expoñer á sociedade as diferentes accións da entidade.

Ademais das diferentes seccións que se actualizan tendo en conta o calendario da Cámara, no blog do sitio web xéranse constatemente contidos de interese para os membros en galego e en castelán.

Este último ano foron publicados  
**un total de 67 posts.**

## REDES SOCIAIS

Os perfís de LinkedIn, Twitter e Facebook da Cámara son concibidos como lugares de interacción coa comunidade mineira e como un exercicio de divulgación e transparencia de cara á sociedade. Durante 2023, estas redes sociais incrementaron o seu número de seguidores e o seu impacto.

Novos seguidores:

**f**  
**FACEBOOK:**  
**265**  
**(+24)**

**X**  
**TWITTER:**  
**314**  
**(+27)**

**in**  
**LINKEDIN:**  
**1.601**  
**(+339)**

## RELACIÓN COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

O mantemento dunha relación fluída cos medios de comunicación é outra das liñas de acción da COMG co fin de levar a cabo un traballo de divulgación constante de cara a transparentar os fitos máis importantes da entidade e do sector.

En 2023 houbo numerosos impactos en prensa e radio nos que figuraba a nosa entidade, a meirande deles a partir de comunicados difundidos desde o equipo de comunicación da entidade, co envío de 11 notas de prensa.





## CELEBRACIÓN DOS PREMIOS SANTA BÁRBARA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia entregou o 1 de decembro no Balneario de Mondariz os premios Santa Bárbara, nunha xornada que reuniu á comunidade mineira galega con motivo da celebración da festividade da súa patroa.

## OS PREMIADOS

- **O premio Traxectoria** supón o recoñecemento a unha carreira meritoria no sector da minaría. Este galardón foi outorgado a **Francisco Guitián Rivera**, por unha vida dedicada á minaría a través da investigación e a innovación na Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- **O premio Comunicación** recoñece o labor de difusión da realidade mineira enfocada a promocionar o sector. A persoa premiada nesta categoría foi **Belén Baños Riadigos**, redactora e presentadora do programa Vivir Aquí da TVG, polo seu apoio ao sector dos balnearios en Galicia, especialmente durante a pandemia, cando foi un dos máis afectados.
- **Co premio Minaría Sostible** recoñécense aquelas iniciativas desenvoltas en prol da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Este galardón outorgouse á empresa **Tejas Vereas**, polo seu compromiso social co seu programa escolar EnTéllate, a súa iniciativa de modernización con tecnoloxía de vangarda na fabricación de novas gamas de produto nas súas instalacións de Lanzá-Mesía e por posuír ata dez certificacións que garanten a sostibilidade da súa actividade.







Cámara Oficial  
Mineira de Galicia

**Datos de contacto:**

Rúa Juana Capdevielle, nº 2.  
(Edificio EXPOCoruña)

635 559 698

[cmg@camaraminera.org](mailto:cmg@camaraminera.org)

**CO APOIO DE:**



**XUNTA  
DE GALICIA**